

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I10Q		<i>Fecha</i> 07-06-18 09:01

Asunto

Orden del Día Propuesto de la sesión AYT/XGL/44/2018

15078DCMG12I10QX
²15078DCMG12I10QXS»
²15078DCMG12I10QXS»

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

D. Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dna. Branca Petra Novo Rey
Dna. Concepción Fernández Fernández
D. Xan Xesús Duro Fernández
D. Manuel Dios Diz
Dna. Marta Irene Lois González
D. Rafael Peña Vidal

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **08 de xuño de 2018, ás 09:30 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de actas de sesións anteriores.
- 2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para obras de ampliación de vivenda unifamiliar no lugar de Esquipa (A), 18, Lavacolla. LIC/456/2014.
- 3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I10Q		<i>Fecha</i> 07-06-18 09:01

construción dun edificio de 47 vivendas, garaxes, trasteiros e locais sen acondicionar en Avda. Liberdade (da), 28. LIC/1698/2017.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para obras de instalación dun ascensor para mellora da accesibilidade no edificio situado na rúa Salvadas, 17. LIC/642/2018.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro - FASE I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020".

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Mellora de accesibilidade na rúa Triacastela".

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación das "Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso a Busto: cruce de Chorente - Neiro (POS+OBRASSUM/2017)".

8.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal relativa á adxudicación do contrato das "Obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel".

9.- Proposta do concelleiro delegado de Informática relativa á creación do rexistro de actividades de tratamento do concello de Santiago de Compostela.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I10Q		<i>Fecha</i> 07-06-18 09:01

10.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á prórroga do contrato de aluguer do local sito na Calzada das Cancelas, nº 19 baixo, para uso sociocultural no barrio das Cancelas.

11.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da sinatura do convenio de cooperación educativa entre o Concello de Santiago e a Universidade de Vigo para o programa de prácticas académicas externas para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudiantado en áreas operativas da empresa.

12.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

13.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 07 de xuño de 2018

A Alcaldesa en funcións

Asdo: María Rozas Pérez